

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2739 *Lei orgánica 1/2010, do 19 de febreiro, de modificación das leis orgánicas do Tribunal Constitucional e do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

A disposición adicional primeira da Constitución proclama que esta «ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais», e engade que «a actualización xeral do dito réxime foral levarase a cabo, se for o caso, no marco da Constitución e dos estatutos de autonomía».

De acordo con isto, o Estatuto de autonomía para o País Vasco recoñece no seu artigo 3 a «cada un dos territorios históricos que integran o País Vasco» a facultade de «no seu seo, conservar ou, se for o caso, restablecer e actualizar a súa organización e institucións privativas de autogoberno», recoñecemento que reitera o artigo 24.2 e que se traduce nunha reserva expresa aos órganos forais polo propio Estatuto dun núcleo competencial exclusivo (artigo 37.2), no que nin sequera o Parlamento Vasco pode entrar (artigo 25.1: «O Parlamento Vasco exerce a potestade lexislativa..., sen prexuízo das competencias das institucións a que se refire o artigo 37 deste estatuto»).

A ese núcleo competencial exclusivo dos territorios históricos pertence destacadamente o sistema fiscal (artigos 37.3.f do Estatuto, e 40 e 41, aos cales se remite), que é propio de cada un deles e se regula «mediante o sistema foral tradicional do concerto económico ou convenios», o que supón que «as institucións competentes dos territorios históricos poderán manter, establecer e regular, dentro do seu territorio, o réxime tributario» (artigo 41.2.a).

Disto resulta que son as xuntas xerais de cada territorio as que teñen a competencia para establecer e regular os distintos tributos que nutren a facenda foral, regulación que realizan mediante a aprobación de normas forais, que teñen natureza regulamentaria, posto que a chamada Lei de territorios históricos (LTH), do 25 de novembro de 1983, reserva ao Parlamento Vasco en exclusiva a facultade de ditar normas con rango de lei no seu artigo 6.2.

As normas forais reguladoras dos distintos impostos resultan, polo tanto, impugnables ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa, situación esta que contrasta abertamente coas normas fiscais do Estado, que teñen rango de lei e, polo tanto, só poden ser impugnadas ante o Tribunal Constitucional pola reducida lista de suxeitos que o artigo 162 da Constitución considera lexitimados.

Os dereitos históricos dos territorios forais, polo menos no que concirne ao seu núcleo esencial, non son unha cuestión de mera legalidade ordinaria, senón que entrañan, sen dúbida, unha cuestión constitucional, tanto como as que poida presentar calquera outro precepto da Constitución, o que obriga a arbitrar unha vía practicable e accesible para a súa defensa, que remedie o déficit de protección da foralidade que resulta da falta de lexitimación das institucións forais para acudir ao Tribunal Constitucional nos supostos en que o lexislador, estatal ou autonómico, invada o espazo que a disposición adicional primeira da Constitución e o artigo 37 do Estatuto vasco lles reserva en exclusiva.

Nese espazo exclusivo constitucionalmente garantido, en que nin as Cortes Xerais nin o propio Parlamento Vasco poden entrar, as institucións forais deben operar, non obstante, con normas que, ao carecer de rango de lei, resultan máis vulnerables e, polo tanto, máis fráxiles, o que fai conseguintemente máis débil a garantía constitucional da foralidade dos territorios históricos vascos que a da Comunidade Foral de Navarra, a pesar de que en ambos os casos o fundamento constitucional é o mesmo: a disposición adicional primeira da norma fundamental.

Esta diferenza non ten xustificación material ningunha: materialmente a regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto de sociedades é a mesma cousa e debería ter, por iso, o mesmo tratamento en Navarra que en Bizkaia, Gipuzkoa e Araba. Todo se reduce a unha diferenza formal, que resulta no caso dos territorios históricos do País Vasco da falta de recoñecemento ás súas institucións da potestade legislativa formal, explicación esta que dista moito de ser satisfactoria, suposta a identidade material xa destacada.

II

O réxime de recursos que establece esta iniciativa refírese ás normas forais fiscais, e isto de acordo coa disposición adicional primeira da Constitución, cuxo contido os artigos 40 e 41 do Estatuto vasco non fan senón explicitar. Neste ámbito, que non é constitucionalmente transferible a outros entes ou institucións, só as normas forais aprobadas polas xuntas xerais de cada territorio histórico poden entrar, en virtude da disposición adicional primeira da Constitución, e só elas, en consecuencia, poden manter, establecer e regular os impostos concertados que no resto do Estado están formalmente reservados pola propia Constitución ás leis aprobadas polas Cortes Xerais.

As normas forais reguladoras dos distintos impostos concertados, ou das recargas, arbitrios e recursos provinciais que se poidan establecer sobre eles, non desenvolven nin complementan, polo tanto, ningunha lei, senón que suplen as leis estatais. Por isto, deben ter un réxime procesual de impugnación equivalente ao daquelas.

Das consideracións precedentes resulta con claridade que hai unha razón material suficiente para postular un cambio no réxime xurisdiccional das normas forais de carácter fiscal e tamén unha razón constitucional para facelo, modificando no sentido xa sinalado a Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

Esa mesma exixencia de cambio resulta igualmente observando o disposto no artigo 9.4 da Lei orgánica do poder xudicial, que é o precepto que define o ámbito da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, en que inclúe o coñecemento de «as disposicións xerais de rango inferior a lei», o que comprende as normas forais.

Para completar o axuste legal necesario, convén modificar no mesmo sentido o artigo 3 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, engadindo como excepción ao seu alcance as normas forais fiscais.

III

Ademais, por razóns de estrita coherencia, débese resolver tamén o déficit de protección constitucional da foralidade vasca que resulta da falta de recoñecemento aos territorios históricos do País Vasco para defender en vía constitucional o seu réxime foral fronte a eventuais agresións do lexislador estatal, así como a oportunidade de remediar o aludido déficit, mediante a modificación da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

A modificación desta lei realizada pola Lei orgánica 7/1999, do 21 de abril, remediou o déficit de protección constitucional da autonomía local, establecendo un mecanismo de conflitos en defensa desta. Porén, ese mecanismo non serve para defender a autonomía foral, porque unha cousa é a autonomía local, que tamén concirne, claro está, ás deputacións forais na medida en que posúen as competencias propias das deputacións provinciais, e outra cousa distinta a autonomía foral. E, en segundo lugar, porque esta última se predica de cada territorio histórico individualmente considerado.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.*

Engádesse unha nova disposición adicional quinta:

«Disposición adicional quinta (nova).

1. Corresponderalle ao Tribunal Constitucional o coñecemento dos recursos interpostos contra as normas forais fiscais dos territorios de Araba, Gipuzkoa e Bizkaia, ditadas no exercicio das súas competencias exclusivas garantidas pola disposición adicional primeira da Constitución e recoñecidas no artigo 41.2.a) do Estatuto de autonomía para o País Vasco (Lei orgánica 31/1979, do 18 de decembro).

O Tribunal Constitucional resolverá tamén as cuestións que susciten con carácter prexudicial os órganos xurisdicionais sobre a validez das referidas disposicións, cando dela dependa a decisión do litixio principal.

O parámetro de validez das normas forais axustarase ao disposto no artigo vinte e oito desta lei.

2. A interposición e os seus efectos, a lexitimación, a tramitación e a sentenza dos recursos e cuestións referidos no número anterior rexeranse polo disposto no título II desta lei para os recursos e cuestións de inconstitucionalidade respectivamente.

Os trámites regulados nos artigos 34 e 37 entenderanse, se é o caso, coas correspondentes xuntas xerais e deputacións forais.

Na tramitación dos recursos e cuestións regulados nesta disposición adicional aplicaranse as regras atributivas de competencia ao Pleno e ás salas dos artigos dez e once desta lei.

3. As normas do Estado con rango de lei poderán dar lugar á interposición de conflitos en defensa da autonomía foral dos territorios históricos da Comunidade Autónoma do País Vasco, constitucional e estatutariamente garantida.

Están lexitimadas para interpor estes conflitos as deputacións forais e as xuntas xerais dos territorios históricos de Araba, Bizkaia e Gipuzkoa, mediante acordo adoptado para o efecto.

Os referidos conflitos tramitaranse e resolveranse de acordo co procedemento establecido nos artigos 63 e seguintes desta lei.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

O número 4 do artigo 9 desta lei quedará redactado como segue:

«Os da orde contencioso-administrativa coñecerán das pretensións que se deduzan en relación coa actuación das administracións públicas suxeita ao dereito administrativo, coas disposicións xerais de rango inferior á lei e cos reais decretos legislativos nos termos previstos no artigo 82.6 da Constitución, de conformidade co que estableza a lei desa xurisdición. Tamén coñecerán dos recursos contra a inactividade da Administración e contra as súas actuacións materiais que constitúan vía de feito. Quedan excluídos do seu coñecemento os recursos directos ou indirectos que se interpoñan contra as normas forais fiscais das xuntas xerais dos territorios históricos de Araba, Gipuzkoa e Bizkaia, que corresponderán, en exclusiva, ao Tribunal Constitucional, nos termos establecidos pola disposición adicional quinta da súa lei orgánica.»

Disposición adicional única. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Engádesse unha alínea d) ao artigo 3 desta lei, que quedará redactada como segue:

«d) Os recursos directos ou indirectos que se interpoñan contra as normas forais fiscais das xuntas xerais dos territorios históricos de Araba, Gipuzkoa e Bizkaia, que corresponderán, en exclusiva, ao Tribunal Constitucional, nos termos establecidos pola disposición adicional quinta da súa lei orgánica.»

Este precepto non ten carácter orgánico.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 19 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO